ETAPA 4

FERROL-SANTIAGO

De **Miño** a **Betanzos**

DISTANCIA **10,175** Km

DIFICULTADE **BAIXA**

TEMPO **3:15** h

Se algo caracteriza a cuarta etapa, de 10,175 km, é a variedade de paisaxe. Mesmo a localidade de saída e a de entrada non teñen nada que ver desde o punto de vista estético: unha esténdese á beira do mar e outra expándese desde o alto dun outeiro. O peregrino vai ver primeiro a desembocadura dun río, despois acompañará a corrente, meterase por zonas rurais con pequenos bosques e acabará descendendo entre viñedos. Desde o punto de vista topográfico, a primeira parte é plana, despois sobe, outra parte plana e un descenso-curto ascenso-novo descenso e ascenso final. No seu camiñar, o peregrino pisa os concellos de Miño, Paderne e Betanzos.

Non podes perder



O cenotafio do poderoso cabaleiro medieval Fernán Pérez de Andrade, coñecido como "O Bo". Está considerado o mellor de Galicia e atópase no interior da igrexa de San Francisco, en Betanzos.

O monumento ao mesmo Fernán Pérez de Andrade na Ponte do Porco, unha obra dos anos 69 do século pasado moi apreciada na comarca.

AXENDA

Protección Civil: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Garda Civil: 065

Información do tempo:
www.meteogalicia.gal

Oficina de Turismo de Miño
Estrada Praia. Tel.: 607 803 569

Oficina de Turismo de Betanzos
Cantón San Roque, 4. Tel.: 981 776 666

Casa do Concello de Miño
Rúa Carreira, 38. 15630
www.concellodemino.gal
Tel.: 981 782 058

Casa do Concello de Paderne
Consistorio, s/n. 15314
www.concellodepaderne.com
Tel.: 981 797 001

Casa do Concello de Betanzos
Praza Galicia, 1. 15300
www.betanzos.es
Tel.: 981 770 011

O ALBERGUE. Todos os aloxamentos, na web **www.caminoingles.gal**

Betanzos. Coñecido como Casa da Pescadería, atópase no número 4 da rúa que lle dá nome. Ten tres dormitorios, cun total de 35 prazas. En Betanzos o peregrino poderá escoller tamén entre un albergue privado, un hotel de dúas estrelas, pensións, apartamentos e unha vivenda turística.

Web:
www.caminoingles.gal
Grupo de Facebook:
Camino Inglés Oficial
Fan Page de Facebook:
Camino Inglés
Instagram:
@caminoinglesoficial

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Deputación DA CORUÑA

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Igrexa de Santa María

A saída de Miño, co marco quilométrico 74,159 como sinal de que se abandona o núcleo urbano, lévase a cabo descendendo para cruzar por unha pasarela segura a vía do tren. Chégase así a unha zona chan moi doada de percorrer, pegada á desembocadura do río Lambre, que nace 15 km augas arriba. Se a marea está moi baixa é posible ver os **restos dun barco** que no seu día, moitos decenios atrás, foi encallado nese lugar.

O peregrino accede así á Ponte do Porco (km 72,965) e ao seu sinxelo **templo de Santiago**, cando só leva percorridos 1.200 m. A beleza do lugar, incluído na Rede Natura, convida a deterse uns minutos. Ademais da pertencente á autoestrada, ten ante os ollos outra ponte, do século XIX -que non cruzará-, inaugurada con motivo da visita a Ferrol da raíña Isabel II.

O río Lambre vai ser compañeiro do peregrino na próxima media hora escasa. Hai que remontar a corrente por unha pista estreita e sen posible perda, e no marco 71,637 atopará unha **ponte** máis, esta gótica e dun só arco, que reclama unha foto que ninguén lle nega.

Despois de cruzala e de ascender, o tramo final da ría de Betanzos amósase espectacular. Pequenas pistas sempre ben sinalizadas conducen a unha igrexa dun románico sobresainte. É a de **Tiobre**, a 5 km da ponte gótica, e nesa aba esténdense unhas vivendas que conformaron o chamado Betanzos Vello. E en efecto, ese era o vello Betanzos, ata que na Idade Media se construíu o actual encima dunha aldea prehistórica.

Os famosos viñedos de Betanzos aparecen antes de chegar ao santuario da **Nosa Señora do Camiño**, un quilómetro escaso despois de Tiobre, exemplar neoclásico que sufriu a ira dos soldados de Napoleón. Esa é a entrada á cidade, que no seu día foi capital de provincia.

Todo o casco histórico está cheo de auténticos monumentos, entre os que destacan as **igrexas de Santiago**, **Santa María do Azougue** e **San Francisco**, e non son as únicas. A vida social desenvólvese na parte baixa, na praza García Irmáns. Aí hai outro templo máis, o de **Santo Domingo**, e entre os edificios civís que pechan o espazo destaca o levantado para Arquivo do Reino de Galicia, neoclásico do século XVIII. A destacar as pequenas rúas e os soportais, así como a fonte de Diana Cazadora e o Museo das Mariñas. Por certo que a primeira, de ferro, é unha réplica da Diana de Louvre e foi inaugurada en 1867. Non se fabricou en Galicia, senón en París. Chaman a atención as dúas sereas, e, claro está, a deusa cun cervo.

Nun estremo da antiga capital de provincia esténdese O Pasatempo, un lugar moi visitado polos peregrinos. Trátase dun parque enciclopédico único no seu xénero, idea dun dos irmáns García Naveira, emigrante en América do sur que gastou parte da súa fortuna en obras públicas en Betanzos. Construír o parque levou 21 anos, e logo foi ampliado en sucesivas ocasións. Ocupa nove hectáreas e os dous enormes leóns da porta que atopa o visitante xa anticipan o carácter monumental do que vai ver. O parque está declarado Ben de Interese Cultural.